

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

**Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica. SERVIZO DE DEPORTES**

BASES DA CONVOCATORIA DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA NA ANUALIDADE 2020

Para impulsar a práctica deportiva, a Presidencia da Deputación, a través da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, convoca premios para a promoción e difusión do deporte, sendo consciente das dificultades dos e das deportistas lucenses de modalidades individuais, -especialmente nas etapas de iniciación- para progresaren na súa formación integral.

Nesa perspectiva é na que se insire o presente programa de premios a deportistas individuais, de conformidade co disposto na Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral de Subvención da Deputación de Lugo.

**PRIMEIRO.- OBXECTO**

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2020, destinados a deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña.

**RÉXIME DA CONVOCATORIA**

Os premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2020, teñen por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3), articularanse na modalidade premios código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), encadrada dentro do sector económico das actividades deportivas (código sector económico 93.1) cunha finalidade de promoción deportiva (código finalidade 18), non prevendo unha eliminación ou diminución das desigualdades detectadas (código do impacto de xénero 1).

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://run.gob.es/owqlth>


**SEGUNDO.- DESTINATARIOS**

Poderán ser beneficiarios/as dos premios da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados nalgunha das federacións oficiais de automobilismo, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades de rally de asfalto, terra e montaña, de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran cos seguintes requisitos:

**A. REQUISITOS PERSOAIS**

1. Ter residencia en calquera dos municipios da provincia de Lugo, e por tanto, estar empadroadado/a nalgún municipio da provincia de Lugo, dentro do prazo de presentación de solicitudes e como mínimo con alta ininterrompida no respectivo padrón a data 1/01/2019.

Código Seguro de Verificación	IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY	Fecha	30/09/2020 11:52:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY</a>	Página	1/14



2. Posuír licenza/ficha federativa de piloto durante o ano 2019 e manter na data de presentación de solicitudes (ano 2020) licenza/ficha federativa oficial, na disciplina e/ou modalidade para a que solicita o premio.
3. Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente das obrigas coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial.
4. Os establecidos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e aplicables no presente caso.
5. Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

#### B. REQUISITOS DEPORTIVOS.

Para poder ser beneficiario/a do premio, o/a deportista individual (piloto/a) deberá acreditar mediante a respectiva certificación federativa o cumprimento do requisito de ter participado en competicións oficiais e federadas durante a temporada 2019, e dentro das modalidades e grupos indicados no punto TERCEIRO da presente convocatoria, de acordo cos seguintes criterios:

1.- Acreditar a participación, como mínimo, en unha (1) das seguintes probas oficiais federadas durante a anualidade 2019:

- Rallye San Froilán
- Rallye da Ulloa
- Subida a Chantada
- Subida á Pontenova

2.- Ou ben, de non cumprir o requisito anterior, acreditar a participación, como mínimo, en dúas (2) probas de carácter oficial e federado, durante a anualidade 2019.

Establécese como tempada o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2019 até o 31 de decembro do 2019. Estes premios non serán compatíbeis con outras axudas públicas da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.

Os premios regulados na presente convocatoria concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

O logro e consecución dos postos e méritos deportivos indicados neste punto como requisitos deportivos para poder ser beneficiario de premio, deberá estar expresamente indicado na respectiva certificación federativa de acordo cos anteriormente referidos méritos. De non reflectirse expresamente tal circunstancia na correspondente certificación, entenderase que non cumpre o requisito indicado.


#### TERCEIRO.- MODALIDADES E GRUPOS

As modalidades de rally de asfalto, montaña e terra e grupos que exclusivamente se considerarán válidas para a acreditación dos requisitos deportivos reflectidos no punto 2.B, durante a temporada 2019 de rally de asfalto, terra ou montaña e optar o premio, son as/os seguintes:

#### MODALIDADES

- CAMPIONATO NACIONAL 2019
  - a) RALLY DE ASFALTO
  - b) RALLY DE TERRA
  - c) MONTAÑA
- CAMPIONATO AUTONÓMICO GALEGO 2019
  - a) RALLY DE ASFALTO
  - b) MONTAÑA
- COPAS PROMOCIÓN

Código Seguro de Verificación	IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY	Fecha	30/09/2020 11:52:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY</a>	Página	2/14



### CAMPIONATO NACIONAL POR GRUPOS 2019

#### - RALLY DE ASFALTO

GRUPO R5	GRUPO R3
GRUPO S200 (1.6)	GRUPO A
GRUPO R-GT	GRUPO S1600
GRUPO S200 (2.0)	GRUPO S1600 RFEA
GRUPO R4	GRUPO R3D
GRUPO GT RALLY	GRUPO R2
GRUPO N+	GRUPO N2
GRUPO N1	GRUPO N3
GRUPO N2	GRUPO R1
GRUPO N	GRUPO N (2RM)
GRUPO R3T	

#### - RALLY DE TERRA

GRUPO R5	GRUPO Nacional 5 (N5)
GRUPO S2000 (1.6)	GRUPO R3T
GRUPO WRC	GRUPO R3D
GRUPO S2000 (2.0)	GRUPO R3
GRUPO R4	GRUPO R2
GRUPO N	GRUPO R1
GRUPO A > 1600 CC	GRUPO A < 1600 CC
GRUPO N+	GRUPO Nacional 1 2RM
GRUPO Nacional 1 4RM	GRUPO Prototipo 2RM
GRUPO Prototipo 4 RM	GRUPO Nacional 2 (N2)
GRUPO Prototipo E1 Nacional	GRUPO Nacional 3 (N3)
GRUPO Prototipo E2 Nacional	GRUPO GT RALLY

#### - RALLY DE MONTAÑA

Categoría I.	Grupo A+
Categoría II	Grupo A
Categoría III	Grupo N
Grupo CM+	Grupo R
Grupo CM-Promoción	Grupo E1 FIA
Grupo Prototipo E1 Nacional	Grupo Prototipo E2 Nacional
Grupo GT.	Grupo A2

#### - COPAS PROMOCIÓN AÑO 2019

Copa Suzuki Swift	Trofeo Clio R3T	Dacia Sandero Cup	Mitsubishi Evo Cup
-------------------	-----------------	-------------------	--------------------

### CAMPIONATOS GALEGOS POR GRUPOS 2019

#### - RALLY DE ASFALTO

GRUPO N
GRUPO R
GRUPO X
GRUPO A
GRUPO G

GRUPO H
GRUPO T

**- RALLY DE MONTAÑA**

GRUPO P
GRUPO N
GRUPO R
GRUPO C3
GRUPO CN
GRUPO EH
GRUPO EL
GRUPO D/E2SS
GRUPO CN/E23SC
GRUPO CM
GRUPO EM
GRUPO X
GRUPO A
GRUPO G
GRUPO H
GRUPO T
REGULARIDADE SPORT
REGULARIDADE 50

**- COPAS PROMOCIÓN ANO 2019**

TOP PIRELLI	TEM	VOLANTE FGA	PIRELLI SPORT	AMF	ELF GALICIA	SEGURO X DIAS	RALYCAR-RMOPARTS	INICIACIÓN MARBELLA
-------------	-----	-------------	---------------	-----	-------------	---------------	------------------	---------------------

**CAMPIONATO DE ESPAÑA DE RALLYS DE VELOCIDADE PARA VEHÍCULOS HISTÓRICOS 2019**

Campionato de España para pilotos de Rallys de velocidade para vehículos Históricos Pre 81
Campionato de España para pilotos de rallys de Velocidade para vehículos Históricos Pre 90

Quedan expresamente excluidas as seguintes modalidades:

• **CAMPIONATO NACIONAL 2019**

**RALLY**


Todoterreo
Energías alternativas

**CIRCUÍTO DE VELOCIDADE**

Off road
Karting
Circuíto velocidade nacional
Series FIA solicitadas pola RFEA.
Campionatos/copas FIA/probas internacionais

• **CAMPIONATO AUTONÓMICO GALEGO 2019**

RALLY mix
Autocross

Código Seguro de Verificación	IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY	Fecha	30/09/2020 11:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY</a>	Página	4/14	

Karting
Slalom
Todoterreo
2ª cat-outros eventos

- *Quedan así mesmo excluídas expresamente, e por tanto non se terán en conta na valoración, calquera outra proba ou campionato estatal ou galego non especificadas e reflectidas na presente convocatoria.*

#### CUARTO.- NÚMERO DE PREMIOS E CONTÍAS

O importe dos premios destinados a deportistas individuais piloto/a de rally de asfalto, terra e montaña, anualidade 2020, que a Deputación Provincial pode conceder, estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
300 €	5.000 €


Tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases para cada un dos premios, o número máximo de premios a conceder será de vinte e cinco (25), de acordo co criterio de puntuación total –de maior a menor-, acadada por cada solicitante en base aos criterios de valoración do punto NOVENO da presente convocatoria.

Para a asignación do correspondente premio e dado que o número máximo de premios a conceder será de 25, o procedemento a seguir será o seguinte:

- Unha vez valoradas todas as solicitudes, o valor do punto en euros será o resultado de dividir o total do crédito orzamentario establecido para esta convocatoria (45.000,00 €) entre a suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas e completas de todos os/as deportistas solicitantes, de acordo cos criterios establecidos na presente convocatoria.
- En consecuencia, o importe do premio a conceder, no seu caso, derivará do resultado de multiplicar o valor en euros do punto, polos puntos totais conseguidos por cada solicitante, de acordo co baremo establecido.

Do total anterior, -vinte e cinco (25) premios -, resérvase expresamente unha porcentaxe mínima do 7% para premios para deportistas con capacidades diferentes. En consecuencia, establécese expresamente en dous (2) o número de premios asignadas ao colectivo de deportistas individuais piloto/a con capacidades diferentes, de acordo cos criterios establecidos, e por orde de puntuación acadada de maior a menor, que de non seren cubertos, pasarían a asignarse entre o resto de solicitantes de acordo cos criterios establecidos nesta convocatoria.

A consideración das anteriores circunstancias deportivas debера acreditarse mediante certificación federativa da respectiva federación de deporte adaptado ou de persoas de capacidades diferentes.

Código Seguro de Verificación	IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY	Fecha	30/09/2020 11:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY</a>	Página	5/14	

#### QUINTO.- CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros). Os presentes premios convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481, segundo se recolle no Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022 dentro da liña 12.1 Deportes, da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.

#### SEXTO.- DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Deputación de Lugo.

Se algún dos interesados/as presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os interesados/as responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algún dos interesados/as presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o número de rexistro de entrada e/ou de expediente, se dispón del, e o servizo responsable do procedemento.


No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admitido pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Prazo para a presentación de solicitudes: **10 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar **una única solicitude** (Anexo I) e **optar a un único premio**, independentemente do número de modalidades deportivas que practique.

As **solicitudes (Anexo I)** virán acompañadas da seguinte documentación:


- a) Copia do NIF do interesado/a (no caso de ser menor de idade na data de solicitude deberán achegar tamén a copia do NIF do pai/nai/titor/a e asinar esta persoa todos os anexos).
- b) **Certificado orixinal** de empadramento do/da solicitante no concello da provincia de Lugo correspondente, no que deberá constar de forma expresa a data do seu empadramento, co fin de verificar o requisito da base Segunda A.1 (antigüidade ininterrompida, polo menos, dende o 1 de xaneiro do 2019).
- c) **Declaración responsable (ANEXO II)** na que se reflicta que:
  - I. - Que non se atopa inhabilitado/a nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario/a do premio.
  - II. Que en anos anteriores, de ter recibido unha bolsa/premio polo mesmo concepto da Deputación de Lugo, cumpriu coas obrigas inherentes ao mesmo/á mesma.
  - III. - Que non solicitou/recibiu outra axuda da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.

Código Seguro de Verificación	IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY	Fecha	30/09/2020 11:52:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY</a>	Página	6/14



- IV. - Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria estatal, coa facenda galega e Deputación Provincial de Lugo) e coa Seguridade Social, no momento da sinatura da presente declaración. E que se compromete a manter o cumprimento das devanditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro do premio outorgado pola Deputación de Lugo.
- V. Que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro no momento da sinatura da presente declaración. E que se compromete a manter o cumprimento das devanditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro do premio outorgado pola Deputación de Lugo.
- VI. Que autoriza á Deputación Provincial de Lugo a facerme comunicacións a través do correo electrónico indicado na solicitude, para o procedemento de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2020.
- VII. Que autoriza á Deputación Provincial de Lugo a solicitar da Axencia Tributaria Estatal, da Axencia Tributaria galega, así como da Tesourería da Seguridade Social, e da Deputación de Lugo, os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias.
- d) **Documento bancario** acreditativo de conta bancaria, no que necesariamente figurará o/a deportista solicitante como titular e con data de expedición actualizada.
- DOCUMENTACIÓN DE CARÁCTER DEPORTIVO PARA A VALORACIÓN DA SOLICITUDE:  
Certificación oficial da respectiva federación que acredite:
- a) A posesión da correspondente licenza federativa oficial do piloto/a durante a anualidade 2019 e no momento da solicitude do premio (ano 2020).
- b) De acordo co establecido na presente convocatoria, acreditación na certificación federativa de que durante a tempada 2019, e dentro das modalidades e grupos indicados no punto TERCEIRO da presente convocatoria:
- 1.- Da participación, como mínimo, en unha (1) das seguintes probas oficiais federadas:
    - Rallye San Froilán
    - Rallye da Ulloa
    - Subida a Chantada
    - Subida á Pontenova
  - 2.- Ou ben, de non cumprir o requisito anterior, a participación, como mínimo, en dúas (2) probas de carácter oficial e federado.
- c) Resultados deportivos e datos deportivos detallados de:
- Palmarés, nos anos 2017, 2018 e 2019.
  - rankings oficiais
  - participacións e resultados en probas federadas, indicando en cada caso, o rally, a clasificación, o grupo, e calquera outro relativo aos méritos deportivos a valorar de acordo co reflectido no punto NOVENO desta convocatoria (ano 2019)
  - outros elementos de valoración establecidos nesta convocatoria, etc, relativos ao/á deportista individual piloto/a; copiloto/a; solicitante (ano 2019)
- O período de valoración de resultados será o comprendido desde o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2019, de acordo cos criterios, probas e elementos de valoración establecidos expresamente no punto NOVENO desta convocatoria. O mencionado certificado debera estar asinado pola respectiva federación como acreditación de que os méritos deportivos alegados son certos. Non se considerará válido ningún certificado cuberto á man ou con indicacións e/ou modificacións realizadas á man.
- d) Acreditación documental da pertenza a unha escudaría da provincia de Lugo, mediante declaración responsable da respectiva escudaría.

Código Seguro de Verificación	IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY	Fecha	30/09/2020 11:52:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY</a>	Página	7/14



Os anexos que figuran na documentación requirida estarán a disposición das persoas solicitantes na páxina web da Excma. Deputación Provincial de Lugo, [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión dos premios implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión de tramitación do expediente correspondente.

#### SÉTIMO.- PROCEDEMENTO

Unha vez presentada a solicitude, os servizos técnicos da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, revisarán a documentación achegada.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que se transcorrido o prazo non o fixeran, terase por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

#### OITAVO.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica desta Deputación Provincial de Lugo será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A devandita Comisión atenderá o principio de representación paritaria e estará composta por tres funcionarios/as da Deputación de Lugo, a Interventora e Secretaria Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.


Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

A Comisión de avaliación resolverá e incluírá no seu informe, de ser o caso, aquelas dúbidas que puidesen xurdir na aplicación dos criterios establecidos.

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución.

A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o/a solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión do premio, e a súa contía, debendo facer constar –de xeito expreso – a desestimación do resto das solicitudes, se e o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, establecendo a orde de puntuación para os posíbeis premiados/as suplentes.

Código Seguro de Verificación	IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY	Fecha	30/09/2020 11:52:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY</a>	Página	8/14





Á Área de Deporte, poderá nese caso propoñer, de así o considerar, -e para os efectos indicados de se producir algunha renuncia-, a asignación de premio suplente de acordo co mencionada listaxe e coa puntuación obtida por cada un dos/das solicitantes, con data límite 31/12/2020 e tendo en conta o crédito dispoñible.

**NOVENO.- CRITERIOS DE VALORACIÓN**

Os criterios de valoración están divididos en 4 apartados:

- A.- PALMARÉS
- B.- RANKING OFICIAL
- C.- PARTICIPACIÓN EN PROBAS FEDERADAS
- D.- OUTRAS VALORACIÓN

**A.- PALMARÉS**

**A.1.- PALMARÉS TÍTULOS NACIONAL / AUTONÓMICO GALEGO ABSOLUTOS**

Neste apartado, computarase por cada título obtido polo/a solicitante (1º, 2º e 3º posto) nos últimos tres anos da súa carreira deportiva, é dicir anos 2017,2018 e 2019, segundo o cadro que se indica, sempre que se acredite pola Federación de Automobilismo correspondente.

Valoraranse coa correspondente puntuación exclusivamente os tres primeiros postos.

TITULO NACIONAL ABSOLUTO MODALIDADE ASFALTO/ TERRA/ MONTAÑA		TITULO AUTONÓMICO (GALEGO) ABSOLUTO MODALIDADE ASFALTO/ MONTAÑA	
1º POSTO	35 Ptos	1º POSTO	17 Ptos
2º POSTO	25 Ptos	2º POSTO	7 Ptos
3º POSTO	15 Ptos	3º POSTO	2 Ptos

**A.2.- PALMARÉS POR GRUPOS**

- PALMARÉS TÍTULOS NACIONAL POR GRUPOS

Neste apartado, e dado que se trata do palmarés do/da solicitante nos últimos tres anos, 2017, 2018 e 2019, contabilizaranse os resultados obtidos na súa carreira deportiva en cada grupo, sempre que se acredite pola Federación de Automobilismo correspondente. A certificación federativa deberá sinalar o grupo no que se conseguira o título.

Valoraranse coa correspondente puntuación, exclusivamente os tres primeiros postos.

TITULO NACIONAL POR GRUPO MODALIDADE ASFALTO/TERRA/ MONTAÑA (PUNTÚAN OS GRUPOS ESPECIFICADOS NO APARTADO 3.B DESTAS BASES)	
1º POSTO	20 Ptos
2º POSTO	10 Ptos
3º POSTO	5 Ptos

- PALMARÉS TÍTULO AUTONÓMICO GALEGO POR GRUPOS

Valoraranse coa correspondente puntuación, exclusivamente os tres primeiros postos.

TITULO AUTONÓMICO (GALEGO) ABSOLUTO POR GRUPO MODALIDADE ASFALTO/ MONTAÑA (PUNTÚAN OS GRUPOS ESPECIFICADOS NO APARTADO 3.B DESTAS BASES)	
1º POSTO	12 Ptos
2º POSTO	7 Ptos
3º POSTO	2 Ptos

### A.3.- PALMARÉS COPAS PROMOCIÓN

- PALMARÉS COPAS PROMOCIÓN NACIONAL / AUTONÓMICO GALEGO

Neste apartado, computaranse os resultados obtidos polo/a solicitante durante os últimos tres anos súa carreira deportiva, é dicir anos 2017,2018 e 2019, sempre que se acrediten pola Federación de Automobilismo correspondente.

Valoraranse coa correspondente puntuación, exclusivamente os tres primeiros postos.

TÍTULO COPA PROMOCIÓN NACIONAL ASFALTO / TERRA / MONTAÑA		TÍTULO COPA PROMOCIÓN AUTONÓMICO (GALEGO) MODALIDADE ASFALTO/ MONTAÑA	
1º POSTO	7 Ptos	1º POSTO	5 Ptos
2º POSTO	5 Ptos	2º POSTO	3 Ptos
3º POSTO	3 Ptos	3º POSTO	1 Ptos

### B.- RANKING OFICIAIS

#### B.1.- RANKING OFICIAIS ABSOLUTOS POR BENEFICIARIO (ANO 2019)

Deberase acreditar con certificación da Federación de Automobilismo a posición no ránking correspondente ao ano 2019.

Valoraranse coa correspondente puntuación, exclusivamente os dez primeiros postos.

RANKING OFICIAL NACIONAL ano 2019 do/a solicitante ASFALTO /TERRA/ MONTAÑA		RANKING OFICIAL AUTONÓMICO (GALEGO) ano 2019 do/a solicitante ASFALTO /MONTAÑA	
1º	15 Ptos	1º	12 Ptos
2º	14 Ptos	2º	10 Ptos
3º	13 Ptos	3º	9 Ptos
4º	7 Ptos	4º	7 Ptos
5º	6 Ptos	5º	6 Ptos
6º	5 Ptos	6º	5º Ptos
7º	4 Ptos	7º	4 Ptos
8º	3 Ptos	8º	3 Ptos
9º	2 Ptos	9º	2 Ptos

10º	1 Pto	10	1 Pto
-----	-------	----	-------

**B.2.- RANKING OFICIAIS POR GRUPO AO QUE PERTENCE O/A SOLICITANTE (ANO 2019)**

Valoraranse coa correspondente puntuación, exclusivamente os tres primeiros postos.

Deberase acreditar con certificación da Federación de Automobilismo a posición no ránking correspondente ao ano 2019

RANKING OFICIAL NACIONAL ano 2019 (Por GRUPO ) ASFALTO /TERRA /MONTAÑA		RANKING OFICIAL AUTONÓMICO GALEGO ano 2019 (Por GRUPO ) ASFALTO /MONTAÑA	
1º	12 Ptos	1º	10 Ptos
2º	10 Ptos	2º	9 Ptos
3º	8 Ptos	3º	7 Ptos

**B.3.- RANKING OFICIAIS COPAS PROMOCIÓN (ANO 2019)**

Deberase acreditar con certificación da Federación de Automobilismo a posición no ránking correspondente ao ano 2019.

Valoraranse coa correspondente puntuación, exclusivamente os tres primeiros postos.

RANKING OFICIAL NACIONAL COPA PROMOCIÓN ano 2019 ASFALTO /TERRA /MONTAÑA		RANKING OFICIAL AUTONÓMICO GALEGO COPA PROMOCIÓN ano 2019 ASFALTO /MONTAÑA	
1º	8 Ptos	1º	7 Ptos
2º	7 Ptos	2º	6 Ptos
3º	4 Ptos	3º	4 Ptos

**C.- PARTICIPACIÓN EN PROBAS FEDERADAS**

POR PARTICIPACIÓN EN PROBAS OFICIAIS INTERNACIONAIS/ESTATAIS/AUTONÓMICAS GALEGAS DE ASFALTO/TERRA/MONTAÑA (ANO 2019)

Nota: Deberase acreditar con certificación da Federación de Automobilismo, con independencia da modalidade e grupo de participación.

Pola participación en cada proba disputada puntuable para CAMPIONATO INTERNACIONAL de rally 2019 independentemente da modalidade, grupo ou copa promoción ao que pertenza	14 Ptos
Pola participación en cada proba disputada, puntuable para o CAMPIONATO NACIONAL de rally 2019 independentemente da modalidade, grupo ou copa promoción ao que pertenza <b>(disputada en territorio insular)</b>	13 Ptos
Pola participación en cada proba disputada, puntuable para o CAMPIONATO NACIONAL de rally 2019 independentemente da modalidade, grupo ou copa promoción ao que pertenza <b>(disputada dentro do territorio peninsular)</b>	12 Ptos
Pola participación en cada proba disputada puntuable para o CAMPIONATO AUTONÓMICO GALEGO 2019 de rally en calquera das modalidades, grupos ou copas promoción estipulados nestas bases <b>(excluídas as probas disputadas na provincia de Lugo indicadas)</b>	11 Ptos

<b>no seguinte cadro)</b>	
---------------------------	--

Pola participación nalgún dos rally que se especifican no seguinte cadro, da provincia de Lugo, ano 2019 (en calquera das modalidades, grupos ou copas promoción grupos especificados nestas bases).

RALLY SAN FROILAN	20 Ptos
RALLY DA ULLOA	18 Ptos
SUBIDA A CHANTADA	15 Ptos
SUBIDA A PONTENOVA	12 Ptos

#### D.- OUTRAS VALORACIÓNS

A. Solicitante con capacidades diferentes ou con <u>copilot@s</u> con capacidades diferentes (5 puntos por cada proba federada durante o ano 2019. Máximo 15 puntos por solicitante)	5 ptos (por proba disputada)
B. Solicitante fémia	12 ptos
C. Solicitante con copiloto fémia (4 puntos por cada proba federada durante o ano 2019. Máximo 12 puntos por solicitante)	4 ptos (por proba disputada)
D. Por pertencer o/a solicitante a algunha escudaría da provincia de Lugo durante o ano 2019	13 ptos
E. Solicitante con idade comprendida entre 18 e 30 anos (a data 31 de decembro de 2019)	15 ptos


A valoración a aplicar nos distintos apartados deberá ser, no seu caso, acreditada con certificados oficiais ou no seu caso documento acreditativo.

- No caso de se producir empate, terase en conta a mellor puntuación total obtida por cada solicitante en cada un dos seguintes apartados e pola seguinte orde:

- Apartado A)
- Apartado B )
- Apartado C)
- Apartado D)
- Apartado E)

DÉCIMO.- RESOLUCIÓN, PUBLICIDADE E RECURSOS

Código Seguro de Verificación	IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY	Fecha	30/09/2020 11:52:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY</a>	Página	12/14



A Xunta de Goberno a proposta do órgano instrutor resolverá definitivamente os premios. O acordo, ademais de conter o nome do solicitante do premio ou relación de solicitantes co seu número de solicitude aos que se concede o premio, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. De conformidade co artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, no caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O acordo porá fin á vía administrativa e contra ela os/as interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes desde a notificación, ou ben alternativamente recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á referida notificación.

O acordo que poña fin ao procedemento deberá expresar a relación de solicitantes aos que se lle conceden os premios, podendo designar ademais os adxudicatarios suplentes, en orde de prioridade, e maila relación de solicitudes desestimadas, se for o caso, segundo establece o artigo 25 da Lei xeral de subvencións.

A aceptación do premio concedido entenderase efectuada se no prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte hábil ao da notificación do acordo non renunciaran a ela expresamente mediante escrito dirixido á Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.

#### UNDÉCIMO.- PAGAMENTO DOS PREMIOS

O pagamento dos premios farase nun único pagamento previa proposta efectuada polo Deputado-delegado de Deportes, e tras un informe do xefe de servizo de Deportes da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, no que se fará constar a existencia e custodia dentro da Unidade Administrativa, da documentación requirida aos solicitantes no punto sexto das Bases e achegar copia da documentación contida na base sexta, puntos a), c) e d) ao Servizo de Intervención. E no seu caso, certificado de estaren ao corrente coas súa obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial de Lugo.

Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta do premio concedido.

#### DUODÉCIMO.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS

Os beneficiarios/as dos premios están obrigados a facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Lugo, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das referidos premios.


Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores. Publicitar a súa condición de receptor de premios da Deputación de Lugo nas competicións e actividades deportivas nas que participe, a través da indumentaria ou en calquera outro elemento susceptible de portar imaxe e colaborar na promoción do deporte e da actividade física na provincia se así se requirise.

#### DÉCIMO TERCEIRO.- RENUNCIA, REVISIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES.

Os premios concedidos deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Por obtelos falseando as condicións requiridas

Código Seguro de Verificación	IV7GWDPCZEXTVZJOYT6DG4JXPY	Fecha	30/09/2020 11:52:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPCZEXTVZJOYT6DG4JXPY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPCZEXTVZJOYT6DG4JXPY</a>	Página	13/14



- Por non aplicalos aos fins para os que foron concedidos
- Por incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

A renuncia ao premio por parte do beneficiario/a, unha vez iniciado o goce deste, deberalle ser comunicada mediante o correspondente escrito ao Presidente da Deputación de Lugo.

De se acreditar as circunstancias indicadas ou de se producir a renuncia, dará lugar á devolución das cantidades percibidas e así mesmo á esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento do premio ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, no prazo que establece o Regulamento Xeral de Recadación.

A solicitude dos premios implica o coñecemento e aceptación do disposto nestas bases.

#### DÉCIMO CUARTO.- PLAN DE AUDITORÍA

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
- Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

#### DÉCIMO QUINTO.- RÉXIME XURÍDICO

Para todos aqueles extremos non previstos nestas bases da convocatoria, aplicarase a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e con carácter supletorio a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; o RD 887/06, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento de subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza; a Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005; o Regulamento Orgánico da Deputación; as Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión, así como a demais normativa vixente que resulte de aplicación.

Autorízase ao órgano competente da Deputación de Lugo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento destas bases da convocatoria.

Código Seguro de Verificación	IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY	Fecha	30/09/2020 11:52:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GWDPZCEXTVZJOYT6DG4JXPY</a>	Página	14/14

